

Manuel Bragado, escritor: "Afouteza é unha forma de enfrontarse á vida"

Manuel Bragado (Vigo, 1959), escritor, editor e colaborador de *Nós Diario*, presenta hoxe na sede do Celta en Vigo o libro *Afouteza celtista. Gramática do fútbol celeste* (Editorial Elvira). O autor fai unha viaxe pola historia da club, a súa fundación, o simbolismo das cores, o carácter sagrado de Balaídos ou a identidade.

Diego Gonzalves

25 de marzo de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/deportes/manuel-bragado-autor-afouteza-celtista/20260325075657251422.html>

—Hoxe presenta no Salón Rexio do Real Club Celta de Vigo o seu novo libro, *Afouteza celtista*. Como nace a idea de escribir esta obra?

Este libro foise escribindo ao longo de 30 anos. Non nace agora, funo escribindo no *Faro de Vigo*, nun espazo de Campo de Granada, que dedico á cultura e sociedade. Ademais, levo asistindo ao estadio ao longo de toda a miña vida. Teño 66 anos e con 20 xa ía co meu pai. Nace cunha intención moi explícita que é a de reivindicar o carácter do celtismo galeguista, que é unha das identidades do club desde a súa fundación, porque o celta tivo a vontade de ser a primeira selección galega.

O grupo de fundadores pretendeu crear un equipo potente, naquel momento, cando aínda non se celebraban competicións estatais, e pretendían que, en canto xa as houbera, levar as cores da bandeira da Galiza polo mundo adiante. O Celta nace no ano 23, que é a década na que coincide co desenvolvemento do pensamento galeguista por parte da Xeración Nós, e tamén no marco da modernización de Vigo como estado urbano. No ámbito do libro, aparecen dúas partes moi diferenciadas, o xogo dos últimos 20 anos con diversos adestradores que foron pasando polo club e esta etapa de Giráldez, que está revolucionando polo seu aspecto de xogo propositivo, e por outra parte, como é o compromiso coa cultura galega, manifestado en múltiples iniciativas.

—E sendo seareiro do Celta toda a vida, como logra separar a paixón dun afeccionado do rigor profesional?

Eu non son xornalista e non teño porque ocultar as miñas apreciacións porque é un libro cunha vontade literaria e unha vontade explícita de estilo, para abordar o relato do xogo, da nosa lingua, e cun esforzo de contextualizala na fala viguesa, que para min son os dous retos constantes. Escribo desde a subxectividade do afeccionado, do seareiro, eu son profesionalmente mestre e

editor e manteño absolutamente o maior rigor posíbel nese momento onde traballo, pero estas crónicas exploran o ámbito do emocional.

Por iso o título *Afouteza celtista*, afouteza é unha forma de instalarse no mundo e de enfrontarse á vida cun escepticismo optimista que nos axude a encarar as maiores dificultades e a falar con prudencia, do entusiasmo, das ledicias e dos logros. É o que estamos precisamente vivindo agora mesmo, vivimos o entusiasmo da vitoria contra o Lyon, do logro extraordinario de pasar aos cuartos de final, pero iso non impediu que perdamos o noso escepticismo sempre optimista.

—Que momentos destacaría como icónicos do celtismo?

O Celta viviu ao longo dos seus primeiros anos momentos memorábeis, aínda que foi moi sobrio nos trofeos. A nosa característica é o proceso máis que o resultado, pero é certo que o Celta nos anos 40, 50, onde xogaba Pahiño e onde xogaba Yayo estivo 15 tempadas consecutivas en primeira división disputando aos grandes a cuarta e a quinta posición durante algúns anos. Un Celta memorábel foi o primeiro Celta europeo, que xogou en Aberdeen (Escocia) en 1971 a primeira eliminatoria na Copa da UEFA.

—Como seareiro, que espera desta temporada do Celta?

O que esperaba xa o teño. Asombrar como xa o fixemos cunha xesta incríbel en Lyon. Nese partido vimos algo moi grande e agora, que poidamos continuar asombrando na competición europea sería estupendo, pero creo que o obxectivo xa está cumprido, o da permanencia unha temporada máis. Tamén o que espero é o ascenso do Deportivo a Primeira.

O diccionario celtista

Manuel Bragado sinala que o significado de afouteza quen mellor o explicou foi C.Tangana na *Oliveira dos cen anos* coa frase "na ledicia son celeste, celtista no padecer". Ademais, explica que é un concepto que se pode extrapolar á sociedade galega: "Cando falamos do fútbol, falamos do común, do colectivo. Se somos capaces de alcanzar estes logros nun deporte tamén poderemos obter outros logros utilizando unha estratexia semellante", indica.

Por outra parte, recoñece que **gran parte das palabras que se están convertendo en propias de Vigo e do celtismo caen "na mesma idea de loitar con poder e entusiasmo"**. Por último, eloxia a estratexia comunicativa do Celta, está mostrando que "o galego é útil para comunicarse no mundo, pode ser utilizado para a educación e na empresa".